



## Concello de Outeiro de Rei

### SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DE 30 DE SETEMBRO DE 2022

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas do día trinta de setembro de dous mil vintedous, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D<sup>a</sup> Begoña Seco Varela; D. José Yebra Amorín; D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao; D. Jesús Fernández García; D. Antonio López Pérez; D<sup>a</sup> María José Martínez Vigo; D. Luis Varela Pérez; D. Xosé Ferreiro Fernández; D<sup>a</sup> Elvira Lombao Vila; D<sup>a</sup> Rita Castedo Meilán e D<sup>a</sup> María del Carmen Acacio López, co obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

O Alcalde desculpa á concelleira D<sup>a</sup> Tania Díaz Seijas por non asistir por motivos laborais

Aberto o acto pola Presidencia, o Alcalde dalle a palabra ao Sr. Secretario para a lectura, en viva voz, do manifesto consensuado pola totalidade dos grupos políticos municipais sobre o Día Internacional contra a explotación sexual e tratamento de mulleres, nenas e menos.

*“Cada 23 de setembro conmemórase o Día Internacional contra a Explotación Sexual e a Trata de Mulleres, Nenas e Nenos. A trata de persoas supón unha violación dos dereitos humanos que ten diferentes rostros coma a explotación sexual, explotación laboral, traballos forzados ou a tráfico de órganos. Todas estas manifestacións, estendidas para todo o mundo, son a manifestación máis extrema da pobreza e a desigualdade.*

*A trata de mulleres con fins de explotación sexual é unha das formas máis dolorosas nas que se manifesta a violencia contra as mulleres e un dos máis terribles negocios en todo o mundo. A trata con fins de explotación sexual é unha vulneración dos Dereitos Humanos que está relacionada case sempre coa violencia, a marxinação, a dificultade económica e a cultura sexista e patriarcal. Segundo datos de Nacións Unidas e da Unión Europea, as mulleres e as nenas representan o 71% das vítimas de trata detectadas en todo o mundo e o 80% das identificadas en Europa occidental; o 95% delas acaban explotadas para a prostitución. A explotación sexual é a forma máis común de explotación (59%) seguida do traballo forzado (34%).*

*A trata con fins de explotación sexual non pode desligarse da prostitución. Son dúas caras dunha mesma realidade xa que a trata de mulleres e menores tanto nenos como nenas con fins de explotación sexual existe porque hai xente maioritariamente a prostituír mulleres e menores. A idea de progreso ten que ser para toda a cidadanía, por iso, o noso modelo de sociedade é un onde as mulleres e as nenas e nenos non sexan prostituídos.*

*As institucións deben loitar pola detección e prevención da trata, protexer e asistir as vítimas e perseguir os delitos.*

*O proxenetismo e a explotación sexual afecta directamente aos dereitos de igualdade, liberdade e dignidade das mulleres e menores. Trátase de forma máis cruel de violencia contra as persoas e convén non perder de vista o terrible impacto que ten nas vítimas e tamén en toda a*





## Concello de Outeiro de Rei

---

sociedade.

*Nun contexto internacional de violencia estrutural exercida contra as mulleres e os menores a alianza do patriarcado e o capital para mercantilizar as nosas vidas afecta especialmente ás mulleres. É por iso que neste día queremos reivindicar a loita de toda a sociedade como ferramenta para acabar coa explotación e a trata. Para que todas e todos, en todas partes, sexamos libres!.”*

O Alcalde da as grazas a todos os concelleiros polo apoio ao manifesto.

A continuación abórdase o exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1-APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 29 DE XULLO DE 2022 E DO 16 DE SETEMBRO DE 2022.**

Ponse de manifesto aos srs. Concelleiros a acta correspondente ás sesións celebradas os días 29 de xullo de 2022 e do 16 de setembro de 2022.

Non xurdindo debate, sométese a votación a proposta de aprobación de ditas actas.

Realizada a votación, as actas resultan aprobadas pola unanimidade dos membros presentes.

### **2-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A QUE O GOBERNO MUNICIPAL INCENTIVE O AUTOCONSUMO SOLAR FOTOVOLTAICO MEDIANTE A SÚA BONIFICACIÓN NO IBI.**

A concelleira do BNG, dona Elvira Lombao asume a defensa da seguinte moción do seguinte teor literal:

*“Xosé Ferreiro Fernández, Rita Castedo Meilán e Elvira Lombao Vila, concelleiras e concelleiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:*

***MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A QUE O GOBERNO MUNICIPAL INCENTIVE O AUTOCONSULO SOLAR FOTOVOLTAICO MEDIANTE A SÚA BONIFICACIÓN NO IBI.***

#### ***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS***

*A loita contra o cambio climático é un dos retos ao que nos enfrontamos como sociedade, o cal é vital para definir o mundo que lle imos deixar as xeracións vindeiras. Os esforzos de todas as administracións públicas deben ir encamiñados a incentivar e reducir a*





## Concello de Outeiro de Rei

---

*pegada de carbono, e unha vez que o goberno do estado derogou o chamado imposto ao sol co Real Decreto-lei 15/2018, de 5 de outubro, deu vía libre a que os concellos puidesen establecer bonificacións tanto no I.B.I. como no I.C.I.O. para aqueles veciños e veciñas que aposten polo autoconsumo solar fotovoltaico.*

*A aposta polo autoconsumo solar supón unha clara redución da pegada de carbono, ademais dunha solución de aforro importante debido a escalada de prezos da enerxía na que nos vemos neste momento.*

*A pesares destas vantaxes o autoconsumo solar fotovoltaico non está aínda popularizado no noso concello, seguramente pola falla de información e pola inversión inicial que supón apostar por este tipo de solucións enerxéticas. Por iso dende o BNG creemos que unha boa maneira de animar a veciñanza de Outeiro de Rei a apostar por esta solución verde e establecer bonificacións nos impostos municipais para aqueles que implanten estes sistemas.*

*Por todo isto, seguindo na liña construtiva que está a caracterizar todas as propostas do BNG e dende unha total responsabilidade o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei somete a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, proponendo a adopción dos seguintes ACORDOS:*

*Instar ao goberno municipal a modificar a ordenanza fiscal para establecer o 50% de bonificación no IBI durante 5 anos, así como o 50% ICIO, para aqueles cidadáns que opten pola instalación de sistemas de autoconsumo“*

O Alcalde dalle a palabra á concelleira do PsdG-PSOE, dona María del Carmen Acacio, quen comenta que presentou, para a súa resposta neste pleno, unha pregunta para saber se había algunha axuda por parte do concello para este tipo de tecnoloxías.

Considera que o equipo de Goberno debería adoptar algunha medida para promover a instalación de autoconsumo de enerxías renovables, e recorda que en moitos concellos de España, non soamente teñen a bonificación do 50%, senón do 100%:

O Alcalde di que xa teñen algún tipo de bonificación, xa que fai tempo que considerou importante adoptar medidas debido á situación a que chegou este país a costa de pechar certas centrais de produción de electricidade por motivos políticos, o que explica o prezo altísimo da enerxía eléctrica que estamos a sufrir.

Deriva tamén de outras moitas cousas por exemplo de quedar sen suministros. Acabase de aprobar un Decreto, como fai este Goberno que todo vai por Decreto, que di que a compañía eléctrica pode cortar a luz cando queira durante tres horas.

Recorda que o Concello no ano 2015 xa aprobou unha ordenanza que prevé bonificacións para a instalación, entre outras, de instalacións que favorezan a sostenibilidade ambiental. Por algo o concello de Outeiro de Rei ten a bandeira verde.





## Concello de Outeiro de Rei

---

Engade que, para acadar os obxetivos perseguidos na moción ben poderían adicarse fondos europeos. Nembargantes, dos 140.000 millóns de euros da U.E. os concellos seguen sen saber nada.

E non soamente iso, senón que se está a cargar aos concellos con custes de servizos ao tempo que incumpre os seus compromisos financeiros. Así. Ao tempo que se sube o SMI nun 30%, incrementando nesta porcentaxe os custes de persoal de, entre outros, o servizo de axuda no fogar, o Estado non aporta o 50% ao que se comprometou cando se aprobou a Lei de dependencia, producindo un enorme desfase financeiro que lastra a facenda local.

Se o concello soamente tivera que cumprir as súas competencias e o Estado cumprira as súas evidentemente poderíanse rebaixar os impostos, seguramente ata por debaixo do mínimo.

Non obstante, coa situación económica actual é moi difícil baixar os impostos para os pequenos concellos, xa que debemos seguir a prestar uns servizos cada día máis caros.

A pesares diso, na ordenanza reguladora da taxa por actuacións administrativas de control recóllese unha serie de exencións. Dendo deste ano farase unha modificación de ordenanzas para incentivar que a xente lle custe o menos posible instalar sistemas deste tipo xa que a Administración Central non se preocupa de cumprir as súas obrigas para manter nos prazos adecuados e razoables a enerxía.

Dada a situación actual, fará o posible para que a primeiros de ano entre en vigor unha ordenanza que reduza a carga impositiva, tanto para os consumidores como para as empresas e autónomos que teñan dependencia da enerxía.

Engade que a bonificación no IBI para as edificacións que contén con placas solares ten escasa incidencia na situación actual. O problema radica no altísimo prezo da enerxía derivado de unha política nefasta.

Esta moción lle parece moi incompleta e simplemente é unha lavada de cara ante os veciños. Non poden aprobar esta moción porque hai que completala moito máis, hai que buscar máis formas de incentivar á xente para que aforre enerxía e afrontar novas inversións e tecnoloxías.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción queda rexeitada con 4 votos a favor dos concelleiros do grupo municipal do BNG e máis do PSdG-PSOE e con oito votos en contra dos concelleiros do grupo municipal do PP.

### 3-ROGOS E PREGUNTAS





## Concello de Outeiro de Rei

---

Iniciase o tratamento de este punto da orde do día coa lectura polo Secretario, do rogo presentado pola concelleira do PSdGP-PSOE do seguinte teor literal:

*“Dona M<sup>a</sup> del Carmen Acacio López, na súa condición de Voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei comparece e como mellor en Dereito proceda, di:*

*Que ao abeiro do disposto no artigo 97.6 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a presentar aos órganos de goberno o seguinte ROGO:*

*Dado o aumento de poboación que ten experimentado a parroquia de Mosteiro, probablemente polo desexo da cidade ao campo e pola súa cercanía á capital da provincia, comprobamos moitas carencias en canto a servizos relacionados co lecer infantil. Así mesmo, tampouco atopamos ningunha intención deste Concello de desenvolver plans de instalacións de ximnasiao ao aire libre coma ocorre en zonas como Guillar ou Santa Isabel.*

*Ese lugar, nun inicio habitado por diferentes familias que pouco a pouco se estableceron alí, pasou casi a ser unha urbanización planificada, semellante ás existentes en Guillar, Matela, A Palloza ou Santa Isabel.*

*Seguramente que existe nas proximidades do núcleo poboacional un lugar dependente do Concello no que poder establecer un parque que permita aos rapaces e rapazas máis pequenos daquela zona e das parroquias máis pretas poder reunirse e gozar do seu tempo de lecer.*

*Tamén debería haber espazo dabondo para instalar un ximnasiao ao aire libre. Sería un lugar de convivencia tanto para os cativos coma para os adultos.*

*Por todo iso presento o seguinte ROGO:*

*Que o Concello de Outeiro de Rei faga as xestións necesarias para construír un parque infantil e de adultos que satisfaga as necesidades da poboación en aumento da parroquia de Mosteiro e así equipararse ao resto de urbanizacións”.*

O Alcalde di que Mosteiro non é unha urbanización e que no número de habitantes non pode comparar con Guillar xa que ésta última parroquia multiplica por catro o número de habitantes de Mosteiro, e que o concelo ten moitas máis parroquias igual de pobladas que a de Mosteiro.

A expectativa do equipo de Goberno é seguir creando infraestruturas deportivas e de lecer en todo o municipio, aínda a pesares das críticas da oposición cada vez que se crea algunha





## Concello de Outeiro de Rei

---

infraestructura deportiva. Engade que as infraestructuras de lecer, xa que non se poden facer todas a un tempo, iranse repartindo con criterio o máis obxectivo posible.

Ademáis cree que seguramente haberá que crealas en máis lugares que en Mosteiro, pero se irá facendo tendo en conta as dispoñibilidades financeiras do concello.

Gustalle ese rogo porque demostra que cando en todos os concellos baixa a poboación, hai un concello que nos últimos anos creceu como un 30% e na que existe unha crecente demanda de servizos. Neste concello estanse a crear servizos e infraestructuras.

A continuación o Secretario da lectura en viva voz do escrito de preguntas formulado polo grupo municipal do PsdG-PSOE, do seguinte teor literal:

*Dona M<sup>a</sup> del Carmen Acacio López, nas súa condición de Voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei comparece e como mellor en Dereito proceda, di:*

*Que ao abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a presentar aos órganos de goberno as seguintes preguntas:*

*1- Que medidas se están tomando por parte do Concello para a promoción das enerxías renovables entre os veciños e veciñas de Outeiro de Rei?*

*2- Vistas as actuacións na senda Peonil e ciclista de Guillar a Bonxe, ten algún outro plan para a adaptación de outras vías municipais aos novos retos relacionados coa promoción do uso de vehículos non contaminantes como a bicicleta ou o monopatín?"*

O Alcalde resposta que a ordenanza que recolle a bonificación da que falou anteriormente vaise a ampliar. Son estas as medidas que existen actualmente.

No que atinxe ás sendas peonís e ciclistas, non soamente está a que vai dende Outeiro a Guillar, senón a que vai dende o Polideportivo ao núcleo urbano por baixo; dende Outeiro ao centro escolar, casa da cultura, xulgado de paz e polideportivo a carón da nacional ou da estrada de Castro a Bonxe. É difícil ver nun concello pequeno coma o noso unha cantidade tal de sendas peonís e ciclistas coma as que estamos a facer e de unha calidade equivalente. Este esforzo refléxase na bandeira verde.

E non habendo máis asuntos a tratar, o Alcalde levanta a sesión sendo as catorce horas e trinta minutos, da que eu, Secretario, extendo a presente acta co visto e praxe do sr. Alcalde.

O Secretario

Vº Pº; O Alcalde

